

Recomendación dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio debido as sancións por un can de raza perigosa

Expediente: C.6.Q/23884/17

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] debido a dúas fortes sancións económicas por un can de raza perigosa.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que a súa filla ten unha cadela PPP, can potencialmente perigoso, unha American Stanford. Necesitan dunha licenza para pasealos, cando os venderon dixeron que ata que a cadela tivese un ano non era necesaria a licenza; non é así, a licenza é necesaria desde o momento que se ten o can. O 13 de abril de 2016 sacou a facer as súas necesidades á cadela a 500 metros máis ou menos da vivenda, [REDACTED] e sacouna na rúa Corbaceiras. Como tiña ir traballar coas présas non colleu buceira da cadela e unha patrulla da policía dinlle que a cadela non leva buceira, si as présas, “só son 2 minutos que vai traballar”. Pregúntalle se é súa, di que é da súa filla, dálle o nome e enderezo da súa filla.

Uns días despois preséntase na casa da súa filla, en [REDACTED] unha patrulla da policía para pasarlle o chip á cadela, pídenlle o seguro, que está pago, pero a súa filla non ten a licenza porque entendía que ata que a cadela teña un ano non era necesario. A multan con 2.404,06 euros. Pregúntanlle o nome da súa nai e chégalle a mesma dirección unha denuncia de 2,704,58 euros por non ter licenza e por levar á cadela sen buceira. No primeiro momento recórrense tanto a súa como a da súa filla. A multa da filla pagouna no prazo de 10 días con rebaixa do 40 % de desconto; a súa recórrea de novo e volven denegala, teñen un mes para pagala, 2,704,58 euros que non ten; tivo que pedir para pagar a multa da súa filla. A todo isto na primeira denuncia pon que a cadela ía solta, o que é mentira, e sen licencia. Non a tiña pero non lla pediron. Pon na Rúa Uruguai e foi na rúa Corbaceiras. Din que non estivo participativa, “quen lle deu os datos e dirección da súa filla senón ela”?

Coñecen xente a que nun día puxéronlle á nai, á irmá e ao dono dun american tres multas, dous por non ter licenza de 2.404 e unha de 300 euros pola buceira. Presentou un escrito e só pago 300 euros. A súa queixa é a seguinte: se xa pagou unha multa, non parece xusto que se multe dúas veces polo mesmo, a dúas persoas diferentes; nunca a cadela fixo dano a

ninguén, sempre leva buceira e vai atada, a diario cruzámonos con xente que os leva soltos, sen buceira e non pasa nada. Hai xente en Pontevedra que nin seguro tenlles aos cans, pasa diante da policía e non lles din nada, séntese discriminada, a lei debe ser igual para todos.

Ofreceuse para facer traballos para a comunidade, pero economicamente non pode pagala, traballa na limpeza, paga aluguer, unha letra dun coche.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Pontevedra, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“En relación á petición de información instada por esa institución por mor da queixa subliñada no asunto, a cal foi formulada por [REDACTED] xunto remítese o informe emitido polo xefe do Servizo de Disciplina Urbanística Medio Ambiental e Policía Administrativa. Confiamos en que a información facilitada resulte relevante para a investigación iniciada, quedando á súa enteira disposición para concretar calquera cuestión relativa ao particular e interesamos expresamente o arquivo da queixa formulada”.

“Vista queixa formulada por [REDACTED], en relación a unha presunta sanción imposta por mor de pasear un can potencialmente perigoso sen bozo na vía pública, revisadas as bases de datos de xestión de expedientes, infórmase o seguinte: 1.- Non consta ningún expediente aperturado neste Servizo pola infracción mencionada contra [REDACTED] [REDACTED] 2.- Nunca se estableceron neste Concello multas na contía que menciona a interesada no seu escrito por ese tipo de feitos. 3.- Ao se tratar dun animal potencialmente perigoso, a Administración que procedeu á tramitación do expediente sancionador que menciona a interesada no seu escrito, puido ser a Administración Autonómica”.

3. Para contrastar o indicado puxémonos en comunicación directa coa reclamante, que indicounos que as dúas sancións se impuxeron pola xunta e que as denuncias foron realizadas pola policía local de Pontevedra. Os axentes que a pararon con ocasión dos feitos non identificárona nin denunciárona nese intre, polo que non recibiu nada no momento da suposta infracción. So ao cabo dun ano recibiu a primeira noticia do que agora é o motivo da queixa, a notificación da xunta. Se está sancionando dúas veces polo mesmo (nas dúas sancións dirixidas ás dúas, nai e filla, indícase que se sanciona pola falta de licenza).

4. Polo anterior dirixímonos á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co fin de requirir que con urxencia facilitara información sobre a comprobación das circunstancias mencionadas; sobre o desproporcionado das sancións económicas; sobre a dobre sanción pola falta de licenza; sobre as alternativas non económicas, á vista da aparente inxustiza das dúas fortes multas e as condicións económicas da familia; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes.

Tamén requirimos información novamente ao Concello de Pontevedra, en concreto sobre as denuncias tramitadas, unha contra vostede sen que cando se coñeceron os feitos se dera conta de que se denunciaba e se entregara a denuncia; sobre o contido das denuncias, con aparente duplicidade (en ambas se menciona a falta de licenza); sobre o curso das mesmas; e sobre as demais circunstancias relevantes.

O Concello de Pontevedra sinalou:

“... Que en data 29 de marzo de 2016 axentes deste corpo formularon denuncia contra [REDACTED] [REDACTED] por pasear pola vía pública cun can de raza potencialmente perigosa sen cadea e sen buceira, contravindo así a normativa autonómica vixente na materia. A denuncia formulouse contra a antedita por ser nese momento a gardadora do animal e polo tanto a responsable da infracción. Tal e como consta na propia denuncia, os axentes informaron no acto á denunciada da formulación da mesma. Achégase copia da denuncia como Anexo I.

Que na mesma data, 29 de marzo de 2016, e logo das pertinentes xestións de identificación e constatación de feitos, os mesmos axentes formularon denuncia contra [REDACTED] [REDACTED] por ser propietaria dun can de raza potencialmente perigosa carecendo da preceptiva licenza, ao ser a persoa que aparece como titular no REGIAC e polo tanto responsable desta obriga. Achégase copia da denuncia como anexo II-A e copia do rexistro como anexo II-B.

Que en data 07 de abril de 2016 estas dúas denuncias foron remitida á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, por ser a Administración competente para a súa tramitación. Achégase copia do oficio de remisión como anexo III

Que en data 16 de marzo de 2017, recibíuse nesta Xefatura oficio da Consellería de medio Ambiente no que se nos comunica que acordou incoar expediente sancionador ás dúas denunciadas, en expedientes distintos e con expresión do feito singular de propietaria recaído sobre [REDACTED]. Achégase copia deste oficio como anexo IV.

Que en data 04 de abril de 2017 recibíuse nesta Policía oficio da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia no que se da traslado para informe dos axentes, do escrito de alegacións formuladas por [REDACTED], sendo que en data 10 de abril de 2017 remítese o informe emitido polos axentes en contestación ás alegacións e petición formulada. Achégase copia do oficio de remisión e do informe dos axentes como anexo V-A e V-B respectivamente.

En consecuencia, nesta Policía descoñecemos e somos alleos, aos motivos polos que estas denuncias foron tramitadas coa presunción de retraso e duplicidade cuestionadas pola Valedora no seu escrito, e será a administración tramitadora, Consellería de Medio Ambiente da Xunta, a que poida dar resposta a estas presuntas anomalías.

Por outra banda, significar que, diante da inxente cantidade de episodios agresivos protagonizados por estes animais e da gravidade das lesións sufridas polos suxeitos pasivos destes ataques, esta Policía é de sempre moi sensible, vixiante e rigorosa co cumprimento da normativa que regula a tenza de cans potencialmente perigosos, e proba disto é que ao longo do ano 2016 formuláronse un total de 163 denuncias por infraccións relacionadas cos requisitos previstos na lexislación vixente respecto da tenza e custodia destes cans”.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sinalou:

“I.- Antecedentes normativos.

A normativa en materia de tenza de animais potencialmente perigosos remontase ao ano 1999, coa promulgación da Lei 50/1999, do 23 de decembro, do réxime xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos (BOE nº307, do 24/12/1999), norma estatal co carácter de lexislación básica en materia de seguridade pública. Esta lei resultou desenvolta pola Real Decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro (BOE nº 74, do 27/03/2002) e a nivel autonómico, polo Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a Tenza de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos (DOG N.º 63, do 02/04/2002).

En consecuencia, a Lei 50/1999, do 23 de decembro, establece unhas obrigas que debe ser de xeral coñecemento e de obrigado cumprimento desde hai 18 anos. Neste sentido, a Lei 50/1999, do 23 de decembro, establece no seu artigo 1 o seu obxecto ao sinalar que e o establecemento dunha normativa aplicable á tenza de animais potencialmente perigosos para facela compatible coa seguridade de persoas e bens e doutros animais. A tal efecto esta lei establece unha serie de obrigas ou requisitos para a tenza destes animais cualificados como potencialmente perigosos, entre elas, a obriga de dispor da licenza administrativa outorgada polo respectivo concello para a tenza destes animais (artigo 3), a obriga de identificación destes animais mediante microchip desde os tres meses de idade ou no mes seguinte a súa adquisición (artigos 5 da lei e 8 o Decreto 287/2002, do 22 de marzo) ou as obrigas de conducir estes animais en lugares e espazos públicos cun boceira e suxeitos cunha cadea (artigos 8 do Real Decreto 287/2002, do 22 de marzo e 12.5 do Decreto 287/2002, do 22 de marzo), entre outras abrigas.

A obriga de dispor da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos é esixible para a tenza destes animais, en consecuencia esixible a toda persoa que os conduza ou controle, sexa ou non propietario do animal (artigos 3 desta lei e do decreto).

O incumprimento desta obriga constitúe unha infracción administrativa moi grave tipificada no artigo 13, parágrafo , letra b) da Lei 50/1999, do 23 de decembro, ao dispor: "1.Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves:....b)Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza". A sanción a impor pola comisión desta infracción se recolle no parágrafo 5 deste artigo 13, que dispón: "5. As infraccións tipificadas nos anteriores números 1, 2 e 3 serán sancionadas coas seguintes multas:

-infraccións leves, desde 150,25 ata 300,51 euros.

-infraccións graves, desde 300,52 ata 2.404,05 euros.

-infraccións moi graves, desde 2.404,06 ata 15.025,30 euros".

Polo exposto, o incumprimento dunha infracción moi grave leva aparellada unha sanción con multa dun mínimo de 2.404,06€ ata un máximo de 15.025,30€.

A obriga de identificación dos animais potencialmente perigosos mediante microchip é unha obriga esixible aos propietarios, criadores ou posuidores destes animais (artigo 5 da lei). O incumprimento desta obriga constitúe unha infracción administrativa grave tipificada no artigo 13, parágrafo 2, letra b) da Lei 50/1999, do 23 de decembro, ao dispor: "1. Terán a consideración de infraccións administrativas graves:....b) Incumprir a obriga de identificar ao animal". A sanción a impor pola comisión desta infracción se recolle no parágrafo 5 deste artigo 13, que dispón: "5. As infraccións tipificadas nos anteriores números 1, 2 e 3 serán sancionadas coas seguintes multas: -infraccións graves, desde 300,52 ata 2.404,05 euros".

Polo exposto, o incumprimento dunha infracción administrativa grave leva aparellada unha sanción con multa dun mínimo de 300,52€ ata un máximo de 2.404,05 €

As obrigas de conducir os animais potencialmente perigosos en lugares e espazos públicos cunha buceira e suxeitos cunha cadea (artigos 8 do Real Decreto 287/2002, do 22 de marzo e 12.5 do Decreto 287/2002, do 22 de marzo) constitúen dúas obrigas previstas para todos os propietarios, criadores e posuidores (artigo 9 da lei).

O incumprimento desta obriga constitúe unha infracción administrativa grave tipificada no artigo 13, parágrafo2, letra b) da Lei 50/1999, do 23 de decembro, ao dispor: "1.Terán a consideración de infraccións administrativas graves:.. d) Atoparse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen buceiro ou non suxeito con cadea". A sanción a impor pola comisión desta infracción se recolle no parágrafo 5 deste artigo 13, que dispón: "5.As

infraccións tipificadas nos anteriores números 1, 2 e 3 serán sancionadas coas seguintes multas:.. -Infraccións graves, desde 300,52 ata 2.404,05 euros...". Conforme co xa sinalado, o incumprimento dunha infracción grave leva aparelada unha sanción con multa dun mínimo de 300,52€ ata un máximo de 2.404,05 €.

As denuncias formuladas pola Garda Civil, Policía Autonómica e Local polo incumprimento das obrigas previstas na lei 50/1999, do 23 de decembro, son remitidas ás xefaturas territoriais deste consellería e na medida que reflicten con exactitude e precisión a comisión da infracción, as xefaturas territoriais teñen a obriga de incoar de incoar un procedemento administrativo sancionador ao respecto.

II. Expedientes administrativos sancionadores incoados a [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED] pola denuncia formulada polos Axentes da Policía Local do 29/03/2016 ([REDACTED]).

Os Axentes da Policía Local do Concello de Pontevedra teñen denunciado a [REDACTED] [REDACTED] na data do 29/03/2016 por pasear un can potencialmente perigoso (can de raza Staffordshire Bull Terrier) pola vía pública sen levar o buceiro e sen dispor da licenza municipal. No momento da denuncia, a interesada sinalou que o can era da súa filla, [REDACTED]. Estes Axentes presentaronse o 07/04/2016 no domicilio de [REDACTED] comprobando o número de microchip do animal mediante lector e a documentación, comprobando que [REDACTED] carece de licenza, que ten o seguro que está en vigor pero que non ten diñeiro para a licenza. En consecuencia, esta denuncia motivou a incoación de dous expedientes administrativos sancionadores:

Procedemento Administrativo Sancionador nº [REDACTED]

A Xefatura Territorial desta Consellería en Pontevedra procedeu a incoar o 07/03/2017 o procedemento administrativo sancionador nº [REDACTED] contra [REDACTED] [REDACTED] pola presunta comisión de dúas infraccións administrativas (levar este can por un espazo público sen ter licenza municipal para a tenza deste animais e por levalo sen buceiro), tipificadas nos artigos 13.1.b) e 13.2.d) da lei 50/199, do 23 de decembro, fixando o importe de sanción nunha multa de 2.704,58€ (resultado de sumar os importes mínimos de sancións previstas para as infraccións moi graves e para as graves). A interesada ten presentado alegacións á incoación do procedemento e á proposta da resolución; nestas últimas manifesta que a súa filla adquiriu o can descoñecendo as obrigas legais para a súa tenza e que carece de recursos económicos para facer fronte á sanción.

Logo da instrución do procedemento, este rematou mediante Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Natural do 30/08/17 (por delegación da conselleira), polo que se acordou sancionar a [REDACTED] cunha sanción de 2.704,58 €, importe que resulte da

sanción de 2.404,06 € como responsable da infracción administrativa moi grave tipificada no artigo 13.1.b) e da sanción de 300,62€, como responsable da infracción administrativa grave tipificada no artigo 13.2.d) da Lei 50/1999, do 23 de decembro. Esta resolución notificouse ao interesado o 06/09/17.

A interesada acredita o pago desta sanción (2.704, €) con data do 08/09/17.

Na instrución do procedemento indicóuselle á interesada (tanto na incoación do procedemento como na proposta de resolución) a posibilidade de aplicar na contía sancionadora proposta, as reducións a que se refire o artigo 85 da lei 39/2005, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para o suposto de recoñecer os feitos ou pagar voluntariamente a sanción nun momento anterior á resolución do procedemento, reducións que poderían acadar o 40% do importe proposto, de concorrer as dúas circunstancias e sempre e cando renunciase por escrito á entablar recurso administrativo contra a sanción imposta. A interesada non fixo efectiva esta posibilidade, xa que non pagou ata rematado o procedemento sancionador, cando na mesma iniciación e na proposta remitidas xa se lle indicaba esta posible redución do 20% ou do 40% sobre o importe da sanción.

Procedemento Administrativo Sancionador nº [REDACTED]

A Xefatura Territorial desta Consellería en Pontevedra procedeu igualmente a incoar o 07/03/2017 o procedemento administrativo sancionador nº... contra [REDACTED], pola presunta comisión dunha infracción administrativa (non ter licenza municipal para a tenza deste animal), tipificada no artigo 13.1.b) da lei 50/199, do 23 de decembro, fixando o importe de sanción nunha multa de 2.404,06€ (importe mínimo de sanción previsto para as infraccións moi graves). A interesada ten presentado alegacións á incoación do procedemento; logo de notificada a proposta de resolución, [REDACTED] procedeu ao recoñecemento dos feitos e ao pago voluntario da sanción (1.442,44E), ao se rebaixar nun 40%. En consecuencia e de acordo co artigo 85 da lei 39/2015, do 1 de outubro, este procedemento rematou mediante Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Natural do 26/04/17 (por delegación da conselleira) pola que se acordou rematar o procedemento sancionador incoado a [REDACTED] ordeando o arquivo de todas as actuacións practicadas.

Conforme co exposto, é evidente que a obriga de dispor de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos é esixible para calquera persoa que posúe un animal desta categoría, sexa como propietario, como simple posuidor (por estar a pasealo) ou sexa como criador. Neste sentido, a Consellería de Medio Ambiente procedeu a incoar estes procedementos administrativos sancionadores ás persoas obxecto desta denuncia, xa

que ambas incorrían no incumprimento das obrigas anteriormente sinaladas, unha delas en condición de propietaria e a outra en condición de posuidora (esta última estaba a pasear o can); en consecuencia, se trata de feitos distintos que xustifican a apertura de dous procedementos administrativos sancionadores a dúas persoas diferentes, ámbalas dúas obrigadas a dispor dunha licenza municipal para a tenza destes animais e que resultan responsables da comisión dunha infracción administrativa moi grave.

Finalmente sinalar que [REDACTED] tivo a posibilidade de proceder ao pagamento voluntario da sanción antes da terminación do procedemento e ao recoñecemento dos feitos declarados probados no procedemento administrativo sancionador nº [REDACTED], o que suporía unha redución do 40% no importe da sanción optando pola contra en non recoñecer estes feitos e non proceder ao pago voluntario, polo que a sanción se impuxo nos importes mínimos previsto no artigo 13.5 da lei 50/1999, do 23 de decembro”.

## ANÁLISE

1. A cuestión principal que é obxecto da queixa é a posible sanción indebida dun mesmo feito nas dúas infraccións moi graves, a carencia da preceptiva licenza administrativa. O concello denunciou ás dúas persoas por esa circunstancia e a consellería tramitou dous expedientes sancionadores, o que supón que a ambas persoas se lles sancione con multas de 2.404,05 €, aínda que no caso da infracción recoñecida se fixo co desconto previsto.

2. A policía local de Pontevedra sinala que será a Consellería de Medio Ambiente a que poda aclarar posibles anomalías e esta sinala que “a obriga de dispor de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos é esixible para calquera persoa que posúe un animal desta categoría, sexa como propietario, como simple posuidor (por estar a pasealo) ou sexa como criador”. Deducer que ambas persoas incorrían no incumprimento da obriga, unha como propietaria e outra como posuidora. Sinala que son feitos distintos que xustifican os dous procedementos sancionadores e as dúas sancións, indicando que a obriga de ter a licenza correspóndelle a ámbalas dúas.

3. O art. 3 1 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, do réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, de carácter básico, sinala o seguinte: “La tenencia de cualesquiera animales clasificados como potencialmente peligrosos al amparo de esta Ley requerirá la previa obtención de una licencia administrativa, que será otorgada por el Ayuntamiento del municipio de residencia del solicitante, o, con previa constancia en este Ayuntamiento, por el Ayuntamiento en el que se realiza la actividad de comercio o adiestramiento, una vez verificado el cumplimiento de, al menos, los siguientes requisitos: a) Ser mayor de edad y no estar incapacitado para proporcionar los cuidados necesarios al



animal. b) No haber sido condenado por delitos de homicidio, lesiones, torturas, contra la libertad o contra la integridad moral, la libertad sexual y la salud pública, de asociación con banda armada o de narcotráfico, así como ausencia de sanciones por infracciones en materia de tenencia de animales potencialmente peligrosos. c) Certificado de aptitud psicológica. d) Acreditación de haber formalizado un seguro de responsabilidad civil por daños a terceros que puedan ser causados por sus animales, por la cuantía mínima que reglamentariamente se determine. Este precepto se desarrollará reglamentariamente. 2. Las Comunidades Autónomas y las Corporaciones locales serán competentes según los respectivos Estatutos de Autonomía y legislación básica de aplicación para dictar la normativa de desarrollo.

Pola súa banda o Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo, polo que se desenvolve a citada lei, sinala no seu art. 3 o seguinte: 1. La obtención o renovación de la licencia administrativa para la tenencia de animales potencialmente peligrosos requerirá el cumplimiento por el interesado de los siguientes requisitos: a) Ser mayor de edad. b) No haber sido condenado por delitos de homicidio, lesiones, torturas, contra la libertad o contra la integridad moral, la libertad sexual y la salud pública, asociación con banda armada o de narcotráfico, así como no estar privado por resolución judicial del derecho a la tenencia de animales potencialmente peligrosos. c) No haber sido sancionado por infracciones graves o muy graves con alguna de las sanciones accesorias de las previstas en el apartado 3 del artículo 13 de la Ley 50/1999, de 23 de diciembre, sobre el régimen jurídico de animales potencialmente peligrosos. No obstante, no será impedimento para la obtención o, en su caso, renovación de la licencia, haber sido sancionado con la suspensión temporal de la misma, siempre que, en el momento de la solicitud, la sanción de suspensión anteriormente impuesta haya sido cumplida íntegramente. d) Disponer de capacidad física y aptitud psicológica para la tenencia de animales potencialmente peligrosos. e) Acreditación de haber formalizado un seguro de responsabilidad civil por daños a terceros con una cobertura no inferior a ciento veinte mil euros (120.000 €). El cumplimiento de los requisitos establecidos en los párrafos b) y c) de este apartado se acreditará mediante los certificados negativos expedidos por los registros correspondientes. La capacidad física y la aptitud psicológica se acreditarán mediante los certificados obtenidos de conformidad con lo dispuesto en el presente Real Decreto. 2. La licencia administrativa será otorgada o renovada, a petición del interesado, por el órgano municipal competente, conforme a lo dispuesto en el artículo 3 de la Ley 50/1999, una vez verificado el cumplimiento de los requisitos establecidos en el apartado anterior. 3. La licencia tendrá un periodo de validez de cinco años pudiendo ser renovada por periodos sucesivos de igual duración. No obstante, la licencia perderá su vigencia en el momento en que su titular deje de cumplir cualquiera de los requisitos establecidos en el apartado anterior. Cualquier variación de los datos que figuran en la licencia deberá ser comunicada por su titular en el plazo de quince días, contados desde la fecha en que se produzca, al órgano competente del municipio al que corresponde su expedición. 4. La intervención, medida cautelar o suspensión que afecte a la licencia

administrativa en vigor, acordada en vía judicial o administrativa, serán causa para denegar la expedición de otra nueva o su renovación hasta que aquéllas se hayan levantado.

4. A obriga da licenza refírese das persoas que teñan os animais (“a tenza de calquera animais clasificados como potencialmente perigosos”), polo que a obriga afecta ás persoas que cumpran esa circunstancia, isto é, tanto aos propietarios como aos posuidores. Porén, esa posible alternativa refírese a unha única persoa, a que debe cumprir os requisitos que se enumeran na lei e se desenvolven no decreto. A persoa coa “tenza” pode ser propietaria ou posuidora, o que resulta indiferente aos efectos da súa consideración como obrigada á obtención da licenza, pero sempre é unha persoa concreta, o que se deduce das condicións que lle afectan de forma individual e intransferible e que lóxicamente non poden referirse a unha pluralidade de persoas.

5. Tanto as denuncias como a resolución dos expedientes fan unha interpretación contraria. Entenden que a persoa que paseaba ao can sen licenza é tamén responsable da carencia da licenza, cando de acordo co indicado a única responsable diso é, neste caso, a propietaria, que tamén é posuidora. Non pode considerarse posuidora á persoa que de forma puntual se responsabiliza do can para pasealo. A propietaria é a única obrigada a facer os trámites previos legal e regulamentariamente previstos e a cumprir unhas condicións que so poden referirse a ela, e non a calquera outra persoa que teña relación puntual co can (non como posuidora), como é o caso da persoa que o pasea. Iso sen prexuízo de que si poda ser responsable doutras infraccións, como que nese intre puntual do paseo o can estea sen buceiro.

A propietaria pagou a multa pola infracción mais grave e a nai non debería ter sido sancionada por esa mesma circunstancia.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a seguinte recomendación:

*Que se revise a sanción imposta á reclamante no que se refire á súa consideración como responsable da infracción pola carencia de licenza do can potencialmente perigoso, posto que esa infracción é coincidente coa sanción imposta á propietaria do can.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo